

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES E ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a asociación FAGAL asinaron o 28.04.2022 un convenio de colaboración cuxo obxectivo é o desenvolvemento dunha serie de actividades co obxectivo de prestar formación continuada aos/ás profesionais que traballan e colaboran coas asociacións galegas de familiares e enfermos de alzheimer, así como ás persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzhéimer e familiares; deseñar e desenvolver conxuntamente coas asociacións federadas programas de formación e coidados de persoas coidadoras e programas psicoeducativos; promover a sensibilización social; informar, orientar e asesorar aos familiares e ás persoas coidadoras destes enfermos; e difundir cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.

No desenvolvemento da súa actividade a asociación FAGAL colaborará coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se formaliza o convenio, cumprirá as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, e remitirá á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, con perioricidade semestral, a actividade realizada.

Por todo o anterior, e tendo en conta que esta entidade é a única federación da Comunidade Autónoma de Galicia que aglutina diversas entidades e organizacións dedicadas especificamente ao ámbito das persoas con enfermidade de alzheimer e aos seus familiares, e ten a capacidade necesaria para desenvolver as actividades obxecto deste convenio, e que posúe os medios técnicos necesarios para iso, non resulta procedente promover a concorrencia pública con outras entidades. O réxime desta axuda encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha subvención consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde
José Flores Arias